



XUNTA
DE GALICIA



ESCOLARIZACIÓN E ACOLLIDA DO
ALUMNADO DESPRAZADO POLO
CONFLITO DE UCRAÍNA NO SISTEMA
EDUCATIVO GALEGO

освіти в Галичині

Contexto

- ✓ Necesidade de dar unha **resposta educativa rápida** á infancia e adolescencia en idade escolar.
- ✓ **Tres elementos clave** de xestión:



Instrucións claras aos centros educativos para o procedemento de admisión.



Plan de Acollida autonómico e a nivel de centro, que favoreza a integración nas comunidades escolares e harmonice a resposta nos distintos centros educativos de destino.



Pasarela rápida para a homologación de títulos de FP e bacharelato.



ACCIÓN CLAVE



Accións clave

1

Instrucións para admisión inmediata de alumando ucraíno.

- ✓ Dispoñible en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_escolarizacion_conflito_ucraina_asinada.pdf
- ✓ Todo o alumnado debera estar plenamente escolarizado (asistindo a clases) no prazo máximo de 3 días.
- ✓ O procedemento articúlase a través da Inspección Educativa que concreta e coordina a escolarización.
- ✓ Sempre que sexa posible e axeitado procurárase o agrupamento de diversos alumnos/as nun mesmo centro para favorecer a creación de grupos de adquisición de linguas, así como permitir ao alumnado manter vínculos lingüísticos e culturais.

2

Entrega ao alumnado en centros públicos dun pack básico con material educativo. Tamén máscaras COVID e algún libro de texto que poida ser utilizado en actividades de aula mesmo cun descoñecemento grave da lingua vehicular.

Accións clave

3

O transporte escolar será gratuíto para o alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

4

Garantía de comedor gratuíto para este alumnado en todos os centros públicos con comedor escolar dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e promoción do servizo no resto de comedores escolares.

5

Garantía de que este alumnado nos centros públicos poderá asistir ás actividades extraescolares e complementarias que se organicen asumindo o centro o custo mediante gastos de funcionamento. Animaráselles a participar nelas para favorecer unha situación normalizada, o establecemento de vínculos comunitarios e a creación dunha rede de apoio entre iguais.

Accións clave

6

Modelo de Plan de Acollida para centros educativos

- ✓ **Obxectivos** (respectando a autonomía dos centros):
 - » Favorecer a inclusión na comunidade educativa.
 - » Incorporar recursos educativos de reforzo e apoio.
 - » Fomentar o clima de benestar e o compromiso cos valores democráticos europeos.
 - » Actuar coordinadamente co resto de axentes sociais para unha atención integral.
- ✓ Este Modelo de Plan de Acollida servirá de base para que os centros o incorporen ao seu **Plan de Atención á Diversidade** (PAD) e, por tanto, no **PEC** (Proxecto Educativo de Centro), de xeito rápido e áxil.
- ✓ Realizado coa colaboración dos Equipos de Orientación Específica e centros con experiencia masiva en colectivos migrantes.
- ✓ Incluirá accións do **Plan de Benestar Emocional** para facilitar a integración e a máxima normalidade dentro do especial da situación

Accións clave

- 7** **Xornada específica de formación para todos os departamentos de Orientación de Galicia** para presentar o Plan de Acollida Modelo e facilitar material específico de utilidade, así como outros recursos en liña.

- 8** **Publicación dunha versión en ucráino da Guía do Sistema Educativo Galego** adaptada.

- 9** **Guía básica de conversa no Sistema Educativo Galego** en ucráino.

- 10** **Guía básica de referencia de alfabeto ucráino vs galego/castelán** para favorecer a pronuncia e a transliteración.

Accións clave

11

Elaboración de material específico de apoio para adquisición de linguas e de actividades para o mantemento do arraigo (deben manter a competencia en ucraíno como lingua materna e a vinculación coa súa cultura).

12

Posta a disposición dos centros dos pictogramas do manual de sinaléctica (o set que se utiliza de acordo ao novo manual de sinalética corporativa) en galego, castelán e ucraíno.

13

Cesión a este alumnado, de acordo as súas necesidades, dos ordenadores Educa en Dixital que están xa nos centros. Artellarase un **procedemento para petición de tarxetas SIM de datos.**

Accións clave

14

Poñer a disposición dos centros sets de pegatinas vinílicas coa dobre disposición do teclado español/ucraíno para facilitar o uso de dispositivos dixitais do alumnado.

15

Elaboración de maletas viaxeiras con material específico para traballar o tema da migración, a condición de refuxiados, etc. para o seu préstamo a todos os centros de Galicia.

16

Distribución de material en ucraíno ás bibliotecas da rede pública (tanto dependentes de Cultura como de Educación).

17

Cursos de galego/castelán para persoas desprazadas polo conflito mediante as unidades correspondentes de Educación e Política Lingüística.

Accións clave

18

Adaptación de material de aprendizaxe do galego e o castelán para persoas adultas procedentes doutro alfabeto e creación de recursos novos.

19

Rede de apoio con persoas competentes ou nativas en ucraíno, identificadas dentro do sistema educativo, e nomeadamente nas universidades do SUG.

20

Pasarela rápida de homologación de títulos de FP e bacharelato ou homologación de estudos non universitarios en curso, mediante un proceso flexible vinculado ao recoñecemento da protección temporal de persoas afectadas polo conflito de Ucraína. Entre outras adaptacións, exención do requisito da legalización dos documentos porque non é posible o retorno ao país de procedencia; e valoración da esixencia de contar con documentos acreditativos orixinais de acordo co criterio que estableza o Ministerio de Educación.

